



ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR

Documento de traballo para as mesas sectoriais

ÁMBITOS DE ANÁLISE

COOPERACIÓN E GOBERNANZA



L.A.1. ...

- Proxectos de cooperación que sirvan para coñecer outras reservas da biosfera que estean en zonas litorais e teñan GALP.
- Fomento da relación entre entidades formativas (institutos, universidades, etc) e sector pesqueiro (formación de calidade e posibilidade de integración laboral de recién titulados).
- Animación a creación do voluntariado ambiental: patrullas medioambientais, vixilancia, concienciación, protección medioambiental,
- Potenciar o turismo de concellos.
- Proxectos que fomenten a economía social.
- Realización de xornadas, formación e concienciación de respecto polo medio.
- Intercambios de boas prácticas entre territorios e empresas.
- Transferencia de coñecementos entre confrarías, universidade e empresas.
- Xornadas para empresarios e emprendedores sobre oportunidades de emprego e posta en valor dos recursos, centrado na innovación.

INNOVACIÓN E SECTOR PESQUEIRO



L.A.1. Incrementar o valor engadido dos produtos do mar.

- Proxectos de innovación e divulgación das propiedades diferenciais dos produtos pesqueiros.
- Proxectos de innovación na industria transformadora do produto (algas, conservas, derivados).
- Recuperación de artes tradicionais como elemento valorizador do produto pesqueiro.
- Proxectos de comercialización de especies de baixo valor comercial.
- Asociar os produtos pesqueiros locais á figura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (marca de calidade).
- Medidas que promovan a mellora das zonas de pesca e marisqueo (mellora da calidade das augas, rexeneración das zonas marisqueiras,...).

L.A.2. Promover o consumo de produtos pesqueiros locais.

- Medidas que incentiven o consumo de produtos pesqueiros frescos, sobre todo nas escolas.
- Posta en marcha de iniciativas de consumo de peixes de baixura na gastronomía local.
- Establecemento de circuitos cortos de comercialización e novas formas de comercialización adaptadas ás novas realidades: vivendas unifamiliares, produtos precociñados, etc.
- Promoción de iniciativas innovadoras para a comercialización dos produtos pesqueiros.
- Accións de sensibilización á poboación sobre o consumo de produtos pesqueiros locais (fresco), que poñan en valor as propiedades e beneficios dos produtos, que promovan o consumo de proximidade,... a través da vinculación coa Reserva da Biosfera e involucrando ao sector pesqueiro.
- Creación dunha rede de actividades relacionadas coa potenciación da comercialización directa a través de plataformas online (lonxa online, ...).
- Accións de internacionalización co tecido empresarial para unha mellor comercialización dos produtos pesqueiros locais.

L.A.3. Desenvolver un sector pesqueiro profesional, innovador e igualitario.

- Accións que fomenten o relevo xeracional no sector pesqueiro.
- Accións que redunden no empoderamento das mulleres do mar, do seu papel no mar, así como nas súas condicións de traballo (mellora das instalacións). Apoio ás mulleres na inserción laboral no sector pesqueiro-investigación.
- Proxectos de mellora tecnolóxica e innovación no sector pesqueiro e na flota pesqueira: melloras en diferentes actividades, aparellos que favorezan unha maior preservación das especies e do medio, melloras nos elementos de seguridade a bordo das embarcacións, etc.
- Accións enfocadas á mellora profesional nos oficios do mar: divulgación de artes e oficios, formación específica de redeiras (titulación oficial de redeiras), formación para incidir na mellora do valor engadido da pesca (bonito de Burela).
- Fomento da acuicultura (ámbito de maior igualdade).
- Apoio ás actividades tradicionais e relacionadas coa pesca costeira artesanal.
- Accións que axuden a eliminar o furtivismo.
- Apoio a programas de investigación sobre contaminantes persistentes que están presentes nas augas residuais. Residuos-contaminación-ciclo da auga-divulgación.
- Escola do mar con formación e capacitación profesional (en Sada). Mecánica, mariñeiros, redeiras, ...
- Iniciativas que fomenten a conexión entre o mundo do mar e a sociedade, con especial fincapé na xuventude: proxectos que visibilicen ao sector, visitas a lonxas, difundir o traballo dos colectivos do mar, etc.

ECONOMÍA E TURISMO



L.A.1. Posicionar ao territorio costeiro do GALP dentro dun destino turístico de alto contido ambiental/paisaxístico e mariñeiro.

- Creación ou potenciamento dunha marca turística
- Marca “Club do produto turístico Reserva de Biosfera” como marca de calidade e sustentabilidade (para hostalería e produtos locais).
- Creación paquetes turísticos. Central de reservas.
- Formación para implementar a Q de calidade.
- Posta en valor dos aspectos identitarios e patrimoniais da zona (barrios e arquitecturas mariñeiras, actividades, etc.), como reclamo para potenciar o turismo.
- Apoio a iniciativas de turismo, vinculadas á valorización de recursos do territorio e do seu entorno, cun compromiso ambiental e de conservación dos recursos: visitas a espazos submariños protexidos, roteiros mariñeiros, observación de aves, turismo de natureza, rutas de sendeirismo, turismo familiar, ecoturismo, etc.)
- Promoción dunha mellor información turística que garanta o coñecemento dun turismo sostible e que teña en conta as empresas/entidades que melloran a calidade do mar coa súa actividade.
- Oferta conxunta, programación anual de feiras gastronómicas dos concellos (mexillón, xibia, ...).

L.A.2. Desenvolver un produto turístico relacionado co sector e co mar

- Promoción de actividades náuticas tradicionais: regatas de traíñeiras, embarcacións tradicionais, Encontro de vela tradicional de Galicia, cursos de vela en embarcacións tradicionais.
- Instalacións para uso e coidado de embarcacións de vela tradicional: espazos para material, pantaláns para embarcacións de vela tradicional.
- Realización de eventos que poñan en valor a náutica (Feira náutica-pesqueira internacional, rutas náuticas, ...).
- Accións que promovan o produto turístico náutico-deportivo-lúdico. Observar experiencias no resto de Europa.
- Posta en valor do Camiño inglés marítimo (Navega o camiño).
- Apoio á mellora de instalacións náuticas deportivas, sobre todo aquelas dedicadas á difusión e escola náutica, creación de escolas náutico deportivas.
- Museo do mar en Sada. Turismo actividade artesanal: marítima, terrestre.
- Plan de actuacións que melloren os cascos ou barrios mariñeiros.
- Apoio a iniciativas no sector turístico vinculadas á hostalería e posta en valor da gastronomía: formación para o sector da hostalería para mellora da calidade dos servizos, cociña atlántica, roteiro gastronómico-pesqueiro,...
- Desenvolvemento do tecido comercial ligado ao sector pesqueiro: peixerías, subministro de produtos para a pesca, para o ocio náutico, etc.

L.A.3. Fomentar servizos/infraestruturas e experiencias turísticas inclusivas

- Integración nos programas escolares de actividades e contidos vinculados ao mundo do mar.
- Promoción de actividades náutico-deportivas inclusivas para persoas con discapacidade, converténdolas en reclamo como actividades de turismo de calidade.
- Promover o emprendemento social vinculado a actividades costeiras e do mar con colectivos en exclusión.
- Creación de servizos de apoio e atención ao turista ou visitante que veña con xente dependentes, maiores, etc.
- Iniciativas que melloren a accesibilidade ao litoral, praias e instalacións deportivas: portos accesibles e adaptados con rampas de acceso e peirao axeitados, equipamentos para mobilización de discapacitados, equipamentos de integración e socialización, etc.

L.A. 4. Turismo mariñeiro

- Visibilizar o traballo da xente do mar, en especial o traballo das mulleres, para facer iniciativas de turismo mariñeiro: visitas de traballo con redeiras, no marisqueo, turismo a bordo das embarcacións, etc.
- Promocións de accións de turismo responsable na costa baseada en actividades tradicionais de pesca.
- Realizacións de iniciativas de turismo que aproveiten o potencial das empresas extractivas e transformadoras.



L.A.1. Promover unha mellora da biodiversidade do medio mariño

- Realizacións de accións de divulgación da biodiversidade.
- Proxectos que impliquen a recuperación ou mellora de espazos naturais do litoral: mellora da vexetación no fronte litoral da costa, especialmente na Ría de Betanzos-Sada; recuperación das marismas da Ría de Betanzos; acondicionamento de brañas;
- Apoio na creación e promoción de espazos protexidos en zonas de costa e fondos mariños: reservas pesqueiras, espazos naturais de interese local (ENIL), como por exemplo, a Costa Sada-Oleiros, as Brañas de Sada, etc.
- Recuperación de topónimos e creación de accións divulgativas vinculados a eles (microtoponimia da costa).
- Realización de proxectos que sexan referentes culturais con vocación de proxección internacional.

L.A.2. Maior conservación e posta en valor dos recursos naturais

- Mellora do coñecemento científico sobre a ría e o litoral que axude a descubrir oportunidades emprego/conservación.
- Investigación e formación en temas relacionados cos residuos mariños.
- Elaboración e divulgación de plans de xestión e sostibilidade dos recursos.
- Accións de sensibilización sobre o medio mariño e terrestre: uso responsable da auga, visibilidade do impacto das actividades cotiás da cidadanía no medio ambiente, programas de voluntariado ambiental ou de traballo directo con colectivos para limpar o lixo mariño, preservación da costa a través da sinalización.
- Proxectos de mellora e recuperación ambiental: recuperación de ambientes degradados, accións de limpeza e conservación do medio mariño e costeiro; proxectos de redución do lixo mariño colaborando co sector pesqueiro,...
- Accións formativas e de sensibilización sobre aspectos medioambientais: accións de divulgación e formación con escolares (Ecomar); canalización de accións divulgativas e educativas (por exemplo sobre reciclaxe) a través de diferentes colectivos (entidades locais, hostalería, comercio, industria, veciñanza, etc.); aulas de natureza, actividades e rutas para xerar conciencia nos máis novos; etc.
- Proxectos de mellora da calidade das augas.
- Accións de custodia do medioambiente no ámbito marítimo.

L.A.3. Promover unha maior eficiencia enerxética nos sectores do territorio costeiro

- Actuacións de loita fronte á erosión e o cambio climático.
- Fomento do transporte colectivo e marítimo, recuperación do transporte marítimo (como antigamente)
- Programa de visitas a experiencias industriais que teñan pegada ecolóxica.
- Promoción de circuitos cortos enerxéticos, aproveitando os recursos do mar e residuos, ...valorizándoos para mellorar a nosa pegada ecolóxica no ámbito local.
- Proxectos de xeración de enerxía a partir do mar, reducindo as emisións de CO2 en todo o ámbito costeiro.

L.A. 4. Recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-costeiro

- Promoción (sinalización) de rutas costeiras.
- Promoción de actividades marítimas para a posta en valor do patrimonio propio: embarcacións tradicionais, traiñeiras, etc.
- Actuacións para a mellora das fachadas dos barrios pesqueiros e do patrimonio.
- Posta en valor dos xacementos costeiros e subacuáticos.
- Investigación dos recursos patrimoniais desde o punto de vista do seu aproveitamento turístico e cultural.
- Divulgación da historia marítima. Difusión (exposicións, etc.) das artes de pesca antigas e actividades ou oficios mariñeiros tradicionais (redeiras, carpintería de ribeira, etc.)
- Museo do mar etnográfico.